

Acta número 15/2008, da Comisión de Persoal da Xunta de Galicia.

## Asistentes:

### POLA ADMINISTRACIÓN.

<b>Presidenta</b>	María del Mar Rodriguez Fernández
<b>Secretaria</b>	Eduarda Varela Castro
<b>Presidencia</b>	Eva Sanín Mariño
<b>Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar</b>	Manuela Guillán de Dios
<b>Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza</b>	Beatriz Rodríguez Fraga
<b>C. Economía e Facenda.</b>	Luis Araújo Rodríguez J. Carlos Carid Fernández M <sup>a</sup> Dolores Rodríguez Amaya María Chas de la Calle
<b>C. Política Territorial, Obras Públicas e Transportes</b>	
<b>C. Innovación e Industria</b>	Emilio Nogueira Moure
<b>C. Cultura e Deporte</b>	Miguel Ares Casal
<b>C. Sanidade</b>	José M. Ferreiro Fernández
<b>C. Pesca e Asuntos Marítimos</b>	M <sup>a</sup> Mar Pousa Cobas José Sieira Rodríguez Jaime Baltar Tojo
<b>C. Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible</b>	
<b>C. Traballo</b>	José Vázquez Portomeñe

### POLAS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS

<b>CIG</b>	Manuel Gallardo Canitrot Panchi García Cao Adelino Formoso Dosil Pedro Méndez Gil Yolanda Castañosa Caballero José Francisco Núñez Rodríguez José Vázquez González Carmen Noya Castro Álvaro Fernández Baamonde Ginés García Bugallo
<b>CC.OO.</b>	
<b>UGT</b>	
<b>CSI-CSIF</b>	

En Santiago de Compostela, sendo as trece horas do día dezasete de setembro do ano dous mil oito, reúnen-se en sesión ordinaria, no Salón de actos pequeno da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza as persoas relacionadas, membros da Comisión de Persoal da Xunta de Galicia segundo a seguinte orde do día:

**Punto primeiro: Lectura e aprobación, de ser o caso, das actas correspondentes ás sesións anteriores (actas nº 13/08 e 14/08).**

Respecto da acta nº 13/08, o representante de CSI-CSIF sinala que nos puntos cuarto e oitavo o seu voto fora en contra, e non abstención.

Apróbase a acta nº 13/08.

O representante de CCOO sinala, respecto da acta nº 14/08 que o representante da súa organización sindical que asistiu a esa reunión non está presente nesta e que, non estando dacordo coa redacción dada á súa intervención na acta, vai remitir un escrito á Dirección Xeral da Función Pública coa súa intervención, co obxecto de que se inclúa con esa redacción na acta.

A presidenta ofrece que, á vista do sinalado, se pospoña para a seguinte comisión a aprobación desta acta nº 14/08. Os representantes das organizacións sindicais amosan a súa conformidade.

**Punto segundo: Proposta de modificación da RPT do Instituto Galego de Consumo.**

A presidenta sinala que se trata dunha proposta feita de oficio pola Dirección Xeral da Función Pública, unha vez detectado o erro existente na RPT do Instituto Galego de Consumo ao tramitar a convocatoria do concurso de traslados da escala de inspectores e subinspectores de consumo.

O representante de CIG manifesta que o seu voto é a favor.

O representante de CCOO manifesta que o seu voto é a favor.

O representante de UGT manifesta que o seu voto é a favor.

O representante de CSI-CSIF manifesta que o seu voto é a favor.

**Punto terceiro: Proxecto de Orde pola que se convoca concurso para a provisión de postos de traballo vacantes nas escalas superior e técnica de estatísticos da Xunta de Galicia.**

A presidenta sinala que as convocatorias dos concursos de traslados se traen á Comisión de Persoal porque as bases xerais son as que se aprobaron para a convocatoria do concurso de traslados de Administración xeral. As convocatorias que se traen a esta comisión inclúen as especificacións correspondentes ás escalas.

A subdirectora xeral de provisión de postos de traballo e selección de persoal expón o seguinte respecto das alegacións remitidas polas organizacións sindicais CIG e CCOO:

- respecto das alegacións da organización sindical CIG ás convocatorias das escalas de consumo, estatística e turismo:

- Na base II.1, antigüidade, recollerase a proposta de que se inclúa a seguinte redacción: “Para estes efectos computaranse os recoñecidos polo órgano competente que se prestasen con anterioridade á condición de funcionario”.
- Respecto dos cursos de atención ao cidadán e seguranza e saúde laboral, xa están incluídos.
- Respecto ao grao de coñecemento do idioma galego, sinalar que se trata de méritos, non requisitos, e que aparece igual que no concurso de administración xeral.
- Respecto de ter en conta a Lei galega de igualdade se existe infrarrepresentación feminina, sinalar que se comprobou que non hai esta infrarrepresentación.
- Respecto da puntuación mínima do anexo I, xa está incluída.
- Respecto da certificación á que fai referencia a base VI, sinalar que se redactou esta base tendo en conta o alegado polas unidades afectadas.
- Respecto do resto de alegacións ás bases, sinalar que son as fixadas no concurso de administración xeral, coas adaptacións a estas escalas.

- respecto das alegacións da organización sindical CCOO ás convocatorias das escalas de consumo, estatística e turismo:

- Respecto das alegacións ás bases II.1, II.3.2, II.4 e II.5, sinalar que son as fixadas no concurso de administración xeral, coas adaptacións a estas escalas.
- Respecto da alegación na base II.4, na que se recolle que a duración mínima para valorar os cursos debe ser 12 horas, sinalar que nas reunións previas coas organizacións sindicais, nas que se estudaron estas convocatorias, e dado que había cursos que se valoraban de 12 horas nalgúns casos e noutros se esixía un mínimo de 15 horas, se acordou unificalo nun mínimo de 15 horas.

O representante da organización sindical CIG entende que estas convocatorias deben ir á Mesa Xeral de Empregados Públicos, e que na Comisión de Persoal só hai votación dos puntos e non alegacións. Sinala tamén que a algunhas das alegacións que presentaron por escrito non se deu resposta. Engade que hai prazas que non saen, que se lles presentou un certificado do IGE no que se prevé a amortización desas prazas, polo que se pregunta este representante se non hai negociación para as RPTs, e salienta que deste xeito a boa fe comercial se acabou. Menciona tamén que hai dous servizos vacantes, e que non vale a excusa para non ofertalos de que hai que modificar a RPT. Por todo o exposto, o seu voto é en contra.

A presidenta explica que non caso das dúas xefaturas de sección que non se inclúen non hai unha proposta de amortización, senón a advertencia dunha futura amortización, e que para evitar un prexuízo a quen accedera a esas prazas se aplica o criterio da dirección xeral de non ofertalas.

Respecto das prazas de nivel 28, sinala que non se poden incluír porque a día de hoxe están definidas como de libre designación, mentres non se modifique a RPT, e que hai sentenzas neste sentido. Explica ademais que hai un compromiso para proceder ao estudo dun baremo específico para estes postos, e que actualmente xa non se están producindo nomeamentos para estes postos.

Engade que a lei obriga a negociar bases xerais, e que estas xa están negociadas. Pregunta ao representante da organización sindical CIG se a súa reclamación de que estas convocatorias se deberían ter levado á Mesa Xeral de Empregados Públicos implica a

petición de retirada deste punto, ao que o dito representante contesta que non.

O representante da organización sindical CCOO sinala, en relación coas súas alegacións, que a subdirectora xeral de provisión de postos de traballo e selección de persoal só respondeu a unha cuestión (o número de horas dos curso).

A subdirectora xeral de provisión de postos de traballo e selección de persoal explica respecto das alegacións ás bases II.1, II.3.2, II.4 e II.5, que son as fixadas no concurso de administración xeral, coas adaptacións a estas escalas.

O representante da organización sindical CCOO sinala que, polo exposto no seu escrito de alegacións, o seu voto é abstención.

O representante da organización sindical UGT sinala que o seu voto é abstención.

O representante da organización sindical CSI-CSIF sinala que o seu voto é en contra, como no concurso de administración xeral.

**Punto cuarto: Proxecto de Orde pola que se convoca concurso para a provisión de postos de traballo vacantes na escala técnica de inspección turística da Xunta de Galicia.**

O representante da organización sindical CIG sinala que nesta convocatoria non hai a problemática das prazas que hai no de estatísticos. Engade que non se recollen cursos de software libre. Polo exposto, o seu voto é en contra.

O representante da organización sindical CCOO remítese aos mesmos argumentos sinalados, e manifesta que o seu voto é abstención.

O representante da organización sindical UGT sinala que o seu voto é abstención.

O representante da organización sindical CSI-CSIF sinala que o seu voto é en contra.

**Punto quinto: Proxecto de Orde pola que se convoca concurso para a provisión de postos de traballo vacantes da escala técnica de inspectores e subinspectores de consumo da Xunta de Galicia.**

O representante da organización sindical CIG sinala que o seu voto é en contra.

O representante da organización sindical CCOO sinala que o seu voto é abstención. Engade que hai unha xefatura de sección de seguridade dos produtos, que se creou no ano 2004, que se creou nese momento como xefatura de sección por problemas orzamentarios, e que a Administración se comprometera a convertila nunha xefatura de servizo, que se creou esta xefatura de servizo no ano 2005, e que a persoa nomeada en libre designación segue na xefatura de sección. Solicita que haxa un compromiso de sacala no vindeiro concurso.

A presidenta sinala que se comprobará esa praza, pero que se hai unha persoa que a ocupa con carácter definitivo a praza non é vacante, cando esa praza o sexa se incluírá.

O representante da organización sindical UGT sinala que o seu voto é abstención.

O representante da organización sindical CSI-CSIF sinala que o seu voto é en contra.

O representante da Consellería de Innovación e Industria pide a palabra e sinala que a praza á que se refire o representante da organización sindical CCOO seguramente está na situación indicada. Engade que o goberno saínte non trasladou compromisos de reunións anteriores alcanzados coas organizacións sindicais. Indica que esa praza haberá que revisala e no seu momento se verá. Advirte así mesmo que debe publicarse a modificación da RPT antes da convocatoria do concurso de traslados.

**Punto sexto: Proxecto de decreto polo que se modifica parcialmente o Decreto 157/2005, do 26 de maio, sobre ordenación e funcionamento do servizo de gardacostas**

**de Galicia.**

O representante da organización sindical CIG sinala que o seu voto é en contra.

O representante da organización sindical CCOO sinala que non se atenderon as alegacións presentadas no mes de febreiro. O seu voto é en contra.

O representante da organización sindical UGT sinala que non se atenderon as alegacións. Pola falta de diálogo, o seu voto é en contra.

O representante da organización sindical CSI-CSIF indica que a súa postura se manifestou en reunións coa Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos. Non se incluíron alegacións, como as feitas en relación cos artigos 11 (ao que afecta a Orde do 2 de maio de 2006) e 31 (no que se solicitaba a retirada dalgúns puntos, como no referido á limpeza). O seu voto é en contra.

**Punto sétimo: Rogos e preguntas.**

O representante da organización sindical CIG pregunta pola sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recaída en relación co proceso selectivo de promoción interna ao grupo D. Solicita que se lle informe sobre a postura da Dirección Xeral da Función Pública respecto aos procesos de promoción interna e acceso libre do grupo D.

Salienta o problema que se pode producir nas listas de contratación temporal pola existencia de procesos ordinarios e de consolidación. Solicita que se lle informe sobre a postura da Dirección Xeral da Función Pública. Considera inxusta calquera solución que elixa entre un dos dous procesos, polo que a súa proposta é que se inclúa a nota máis favorable, modificando se é preciso o decreto.

Sinala que quedou pendente o envío dun informe en relación coa proposta de amortización de prazas na Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, este non chegou, e non houbo máis reunións. Non pode haber proposta de amortización sen

negociar a RPT. Solicita contestación da consellería.

Pregunta como están os procesos selectivos de persoal laboral da OPE do 2005.

Engade que nos procesos de consolidación puntuará o tempo traballado como interino na Xunta de Galicia no corpo, e pregunta se non se exclúen as escalas, xa que a redacción pode dar lugar a impugnacións.

A presidenta informa, respecto do último punto, que se valorará nese corpo, e que, de acordo con sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ao ser un proceso extraordinario, inclúese unha valoración estreita da experiencia.

Respecto da sentenza que afecta ao proceso selectivo de promoción interna ao grupo D, informa que, a diferenza da sentenza que afecta ao proceso selectivo de promoción interna ao grupo C, en virtude da cal se incorporou a valoración de cursos de formación, na sentenza que afecta ao grupo D non só se deberán incorporar os cursos de formación senón que obriga á valoración do traballo desenvolvido distinta á recollida nas bases. Prodúcese así dous fallos xudiciais diferentes. A intención da consellería era apelar, pero tendo en conta o prexuízo que causaría a apelación, hai que valorar a posibilidade de interpretar unha nova valoración do traballo desenvolvido para permitir a toma de posesión provisional dos de acceso libre e non paralizar a promoción interna. A interposición dun recurso retrasaría a promoción interna, máis aínda se se convoca unha nova. Engade que se enviará ás organizacións sindicais a modificación da convocatoria en execución da sentenza, convocándoos para unha reunión. Sinala así mesmo que se está preparando a elección de destino provisional para os de acceso libre, e que se ofertarían as prazas vacantes resultantes do concurso de traslados.

En canto á valoración para listas de contratación temporal tendo en conta a existencia de procesos ordinarios e de consolidación, informa que se están estudando alternativas, pero partindo das posibilidades que ofrezca a xestión.

Polo que se refire á modificación da RPT da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, sinala que se recabarán datos.

No que respecta ás listas de aprobados correspondentes aos procesos selectivos de persoal laboral da OPE do 2005, cédelle a palabra á subdirectora xeral de Provisión de Postos e



Selección de Persoal, quen indica os procesos correspondentes ao grupo II, categorías 006 e 007, e grupo IV, categoría 004, van realizar os días 18 e 19 de setembro os actos de elección de destino; que se está pendente de poder publicar os listados de aspirantes que superaron os procesos selectivos do grupo V, categorías 001 e 011, e que os restantes iran publicando segundo vaian rematando.

A presidenta engade que nas listas de contratación temporal se vai incorporar na páxina web a información correspondente ás citacións pendentes, pero que isto ten valor informativo, de xeito que non substitúe á citación segundo os medios previstos no decreto.

O representante da organización sindical CCOO pregunta que cando se van presentar os borradores das convocatorias dos procesos selectivos de promoción interna; pregunta tamén polo concurso de traslados de administración especial; sinala que houbo unha xuntanza cos subdirectores xerais sobre as comisións de servizo, que se lles fixo chegar un borrador asinado e datado, e querían saber como está o tema, xa que presentaron alegacións.

A presidenta sinala en relación co último punto que o que se enviou efectivamente é un borrador, e que se está a espera de recibir alegacións das outras organizacións sindicais, xa que só chegaron as de CCOO. Engade que a alegación fundamental de CCOO presenta dificultades, xa que implica unha restricción a ocupar o posto en dous anos, non se podería volver tramitar unha comisión de servizos e habería que chamar a un interino. En todo caso, sinala que en xullo se fixo recordatorio ás organizacións sindicais, e que se ningunha presenta alegacións, se respostará ás de CCOO.

En canto ao concurso de traslados de administración especial, sinala que se está estudando a posibilidade de convocalo sen incluír as prazas de veterinarios, e que tamén se baralla a posibilidade de realizar convocatorias para escalas que teñan prazas non compartidas con outras. En todo caso, se fará unha proposta.

Polo que se refire ás convocatorias de promoción interna, sinala que antes hai que rematar coas convocatorias de acceso libre. As de corpos xerais xa están publicadas. Engade que o número de solicitudes é similar ás da convocatoria do ano anterior e que se están revisando os exentos de pagamento, que a teñen que presentar en papel. Sinala que as convocatorias

para acceder aos grupos A1, A2 e C1 están en proceso de inscrición.

E sen máis asuntos que tratar levántase a sesión ás trece horas corenta e cinco minutos do día sinalado supra.

**VISTO E PRACE**

A PRESIDENTA

**DOU FE**

A SECRETARIA

Asdo. M<sup>a</sup> del Mar Rodríguez Fernández

Asdo. Eduarda Varela Castro